



**XUNTA
DE GALICIA**

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza

Santiago de Compostela, dezanove de setembro de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E don -----, presidente do Consello Territorial de Galicia da Fundación Laboral de la Construcción de Galicia, por acordo tomado na reunión da Comisión territorial da Fundación Laboral de la Construcción, consello territorial de Galicia, celebrada o día 18 de xullo de 2018, actuando como representante legal da mesma.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mantén tradicionalmente unha política de investimento en infraestruturas educativas tendentes a dar cumprimento ao principio constitucional que garante "o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes".

2. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

A) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

B) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:

- Realización do módulo de formación en centros de traballo.
- Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, nas condicións que se determine, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

C) A colaboración formalizarase mediante convenio.



3. Que a formación profesional dual é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A FP dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación curricular (específica do ciclo formativo), traballo na empresa e formación complementaria (específica para os procesos produtivos da empresa), combinando a asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e o seu traballo na empresa.

4. Que a Fundación Laboral de la Construcción ten como obxectivo facilitar ás empresas e traballadores os recursos que fagan posible un sector máis profesional, seguro, capacitado e con futuro. Un sector que traballe máis unido e conectado entre si, coa sociedade e co resto de sectores, para afrontar o reto dos novos tempos.

5. Que esta consellería xa asinou en data once de setembro de dous mil doce un convenio de colaboración coa Fundación Laboral de la Construcción, no que se establecían as condicións da colaboración para a impartición, en dita fundación, de ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, ciclo formativo de grao medio Carpintaría e moble, polo réxime ordinario e as respectivas addendas anuais. No curso escolar 2017-2018, impartíuse o segundo curso do ciclo formativo de grao medio Carpintaría e moble.

En consecuencia, ambas as partes están dispostas a colaborar para seguir impartindo ensinanzas desta familia profesional en Lugo, e acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O presente convenio ten por obxecto é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción para impartir ensinanzas da familia profesional madeira, moble e cortiza.



Segunda. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, autorizará a posta en funcionamento e organización das ensinanzas de formación profesional do ciclo formativo de grao superior Deseño e amoblamento na modalidade de formación profesional dual.

Nas instalacións da Fundación Laboral de la Construcción, sitas en San Juan do Alto - Villaestevez, s/n en Lugo, impartirase:

- A parte da formación curricular (específica do referido ciclo formativo) do ciclo superior Deseño e amoblamento, durante o período de setembro de 2018 a marzo de 2019.
- Tres módulos do ciclo formativo de grao medio Carpintaría e moble, en réxime das persoas adultas en oferta modular.

Terceira. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo de:

- Os gastos ordinarios específicos de funcionamento da referida formación, un semestre do ciclo formativo de grao superior Deseño e amoblamento e tres módulos do ciclo de grao medio Carpintaría e moble. Estes gastos estímase nun importe máximo de 20.000 euros, para o curso escolar 2018-2019, e repartiranse: 8.000 euros para o ano 2018 e 12.000 euros para o ano 2019, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. O dito importe transferirase ao CIFP Politécnico de Lugo, quen deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Deste importe un 50%, dez mil euros, dedicarase ao mantemento da maquinaria e instalacións e a gastos xerais de funcionamento, entre outros, luz, auga, limpeza, calefacción, teléfono. O outro 50%, dez mil euros, destinarase ao material funxible, necesario para a impartición destas ensinanzas. O departamento de madeira, moble e cortiza será quen, en colaboración coa Fundación Laboral de la Construcción, determine as necesidades, e polo tanto as compras deste material funxible, que se deriven da impartición das ensinanzas obxecto do convenio.

- Do persoal docente necesario para o desenvolvemento da referida formación.

Cuarta. A Fundación Laboral de la Construcción aportará o equipamento que sexa necesario, segundo a normativa vixente, para o desenvolvemento das ensinanzas referidas na cláusula segunda.

Quinta. As ensinanzas de formación profesional obxecto deste convenio forman parte da oferta formativa do CIFP Politécnico de Lugo a todos os efectos académico-administrativos. Correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o establecemento, desenvolvemento e supervisión dos planos educativos propios da Consellería, quedando o centro nos seus ciclos formativos específicos sometido á Inspección Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

Sexta. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción, de común acordo, poderán decidir respecto á oferta formativa máis idónea para atender ás necesidades do sector.

Sétima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión do convenio, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- a) Tres persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- b) Tres persoas representantes da Fundación Laboral de la Construcción.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretaria.

Oitava. As funcións da comisión serán as seguintes:

- a) Efectuar o seguimento e avaliación do convenio.
- b) Estudar as liñas de colaboración coas empresas do contorno para adecuar o deseño e actualización da oferta formativa ás demandas deste sector.
- c) Propoñer as modificacións do convenio que se xulguen necesarias, especialmente as orientadas á realización doutras accións.



Novena. Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2018/2019. O convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de dous meses. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarase curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Décima. De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a fundación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.



XUNTA
DE GALICIA

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente do Consello Territorial de
Galicia da Fundación Laboral de la
Construcción

Román Rodríguez González
